



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Convocatoria de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Redegalega de atención temperá nos anos 2024 a 2026, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+2021-2027

Agrupación de concellos de Noia, Lousame, Outes, Muros e Porto do Son.

Que é o SAT?

É un Servizo de Atención Temperá de carácter público e gratuito que atende á poboación infantil de 0 a 6 anos, ás súas familias e á súa contorna, que ten por obxectivo atender o máis axiña posible as necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos/as con trastornos no seu desenvolvemento ou con risco de padecelos.

Que ofrece?

- Diagnose e valoración dos trastornos de desenvolvemento dos/das nenos/as
- Apoio en todas as áreas de desenvolvemento do/a neno/a:
- Desenvolvemento psicomotor
- Desenvolvemento cognitivo
- Desenvolvemento da linguaxe e comunicación
- Desenvolvemento da autonomía
- Desenvolvemento da área social e afectiva
- Apoio, información, habilitación e formación da familia:
- Terapia psicolóxica individual
- Grupos de familias.
- Coordinación coa contorna:
- Colaboración cos /as profesionais do ámbito social, educativo e sanitario e outros recursos da comunidade



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Como se pode acceder ao SAT?

- Calquera familia residente nos concellos de Noia, Lousame, Muros, Outes ou Porto do Son poderá solicitar información e atención no mesmo.

- Por derivación pediátrica.

Como contactar co SAT?

- Chamando ao 981 824 248

- A través de correo electrónico sat@concellodenoiagal

- Acudindo directamente ao Servizo, situado en Frei Lois Rodríguez, nº 9, baixo- Noia

Normativa que regula os Servizos de Atención Temprá

[Decreto 183/2013 polo que se crea a Rede Galega de Atención Temprá](#)

[Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en Atención Temprá](#)

Para o período do 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2026 a Agrupación de Concellos de Noia, Lousame, Outes, Muros e Porto do Son recibiu unha axuda por importe de 382.294,00€ para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temprá, cofinanciadas parcialmente polo Programa FSE+ Galicia 2021-2027.